



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 324/1102

RESOLUCIÓN: DELEGACIÓN ESPECIAL AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS MAR DE VIGO

Por Resolución desta Alcaldía de data de 19 de xuño de 2015 levouse a cabo a estruturación das Áreas executivas e/ou materiais dirixidas polos Sres/as Concelleiros/as do goberno municipal, e a conseguinte atribución xenérica de competencias, creando, entre outras, a Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, dirixida polo Sr. Concelleiro Delegado de Área, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, encomendando ao mesmo a dirección, xestión, organización, planificación e coordinación da mesma ao fin de acadar os obxectivos previstos.

Por Auto do Xulgado do Mercantil núm. 3 de Pontevedra, de data 13 de novembro de 2017, ditado no procedemento de concurso ordinario núm. 418/2016, abriuse a fase de liquidación do dito concurso, declarouse disolta a concursada Pazo de Congressos de Vigo, S.A. e resolto, por ministerio da Lei, con efectos concursais, desde a dita resolución concursal, o contrato concesional formalizado entre o Concello de Vigo e a concursada, asinado o 2 de maio de 2006. No mesmo Auto dispúxose o cese total da actividade de Pazo de Congressos de Vigo, S.A. e a entrega da obra pública ao Concello de Vigo no prazo que rematou o 31 de marzo de 2018; data na que se produciu a recepción da dita obra pública polo Concello de Vigo.

Como consecuencia da devandita recepción da obra pública e da plena titularidade municipal sobre a mesma, resulta preciso, pola súa natureza e especialidade na adopción de decisións inmediatas e concretas de xestión, efectuar dunha delegación especial nos termos recollidos no artigo 43.5 a) do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, polo que no uso da potestade de dirección do goberno e das potestades organizativas que, en relación coa Administración municipal, ostenta a Alcaldía —artigo 124.4 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local—, e coa finalidade de realizar todas as actuacións que comporta a xestión da obra pública por este Concello de Vigo, tal e como se recolle na proposta formulada polo responsable do contrato da concesión da obra pública, co conforme da Concellería-Delegada de Cultura.

Examinada a dita proposta, no exercicio das facultades que como Alcalde-Presidente da Corporación, en virtude de atribución legal, ex artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, me corresponden:

RESOLVO

Primeiro.- Delegar no concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, as



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 17/04/2018 09:41

Páxina 1 de 2

Expediente 324/1102

CSV: 2DEC4-CDB24-EDD88-CABBB

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

atribucións precisas para a xestión e seguimento, tramitación e execución necesarias para a xestión da obra pública do Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo.

Segundo.- A dita delegación especial exercerase sen prexuízo das delegacións que lles corresponden ás demais concellerías no seu respectivo ámbito de xestión material, e que resulten necesarias para o correcto funcionamento do Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo.

Terceiro.- As resolucións administrativas que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas polo órgano delegante.

Cuarto.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do RD 2568/1986, agás no relativo aos recursos de reposición ou extraordinarios de revisión que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados que serán resoltos polo concelleiro delegado de Área de Patrimonio.

Quinto Notifíquese a presente Resolución a todos os concelleiros que ostentan delegacións desta Alcaldía.

Sexto.- Comuníquese a presente Resolución aos xefes das diferentes Áreas e Servizos Municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na intranet municipal.

Sétimo.-A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986 e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

Oitavo.- Da presente Resolución, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38,d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma.

Vigo, na data da sinatura electrónica
CCA.

Data e sinatura dixital.

A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL.- M^a CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA
O ALCALDE.- ABEL CABALLERO ÁLVAREZ



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 17/04/2018 09:41

Páxina 2 de 2

Expediente 324/1102

CSV: 2DEC4-CDB24-EDD88-CABBB

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>